



CONCELLO DE REDONDELA

SESION ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA,
CELEBRADA O DÍA 27 - AGOSTO – 2014

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación, no seu caso, da acta da última xuntanza.
- 2.- Orzamentos Participativos-2014.
- 3.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, do día 27 de agosto de dous mil catorce, reúnense, baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, da concelleira DONA. ANA MARIA ALONSO ALONSO, asistindo:

GRUPOS POLITICOS:

PP – MARIA JOSÉ BARCIELA BARROS

B.N.G. - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

A.E.R. - ALFONSO BLANCO PÉREZ

AA.VV.:

ISABEL ALONSO LEMOS

CARLOS COVELO SOLLA.

ASOCIACIÓN CULTURAS:

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

PLÁCIDO COUÑAGO MOSQUERA



CONCELLO DE REDONDELA

COMUNIDADE DE AUGAS:

ANTONIO COVELO VILLAVERDE

EDUARDO CORUGEIRA VIEITEZ

ASOCIACIÓN DEPORTIVAS:

ROBERTO CABALEIRO RIVEIRO

COMUNIDADE DE MONTES:

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ALVAREZ DOS SANTOS

E actuando como Secretario do Consello, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, se constitúe o Consello Parroquial de Cedeira, convocado para o día de hoxe, en sesión ordinaria e en primeira convocatoria.

INCIDENCIAS.- Non asistiu a representante do grupo municipal do PSdeG-PSOE, MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO, e a representante da ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS, BELEN LAMAS DOMINGUEZ. Así como tampo asistiu o representante das AA.VV ANTONIO LORES FRANCO.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese a tratar os puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA ÚLTIMA XUNTANZA.-

Pola Presidencia dase conta da acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada con carácter ordinario o día **19 de marzo de 2014**. O Consello Parroquial de Cedeira, por unanimidade dos seus membros, prestoulle a súa aprobación, sen formular reparo algún.-



CONCELLO DE REDONDELA

2.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS-2014.-

Pola Presidencia ponse de manifesto a necesidade de designar as obras ou servizos que se van a incluír nos Orzamentos Participativos correspondentes ao presente exercicio, indicando que a contía a invertir é de 13.500,00 euros. Sinala Ana María Alonso Alonso, que dúas obras que se poderían incluír poderían ser a de reparación do peirao de A Portela, así como a recuperación da antiga escola da Capela, que é de propiedade municipal.

O representante da AA.VV. Carlos Covelo Solla manifesta que a Asociación de Veciños, tiñan tamén como proposta a recuperación da antiga escola, sinalando que eles solicitaron subvención á Deputación Provincial para dito arranxo, o que se invertiría amáis nesta obra, caso de que a mesma se incluía nos Participativos, pero que lles falta algunha documentación que teñen que aportar a dito organismo provincial.

Remata sinalando que a Asociación de Veciños colab orou na inscrición da propiedade como titularidade municipal, para uso e disfrute da parroquia, e que esta proposta é a que o colectivo veciñal traei ao Consello.

A Presidencia indica que caso que o Consello Parroquial acorde dita inclusión, a obra habería que facela en varias fases, porque o orzamento deste ano cree que só daría para o arranxo do tellado e pouco máis. De tódolos xeitos, hai que oír as propostas que fagan outros colectivos veciñais, e que ditas obras redunden en beneficio da parroquia.

O representante no Consello Juan José Comesaña López, sinala que o goberno municipal trae agora o reparto dunhas migallas (13.500,00 euros), e que teñen que decidir agora en que se van a invertir, cando a parroquia ten moitas necesidades. Respóstalle a Presidencia que o fin dos orzamentos participativos, é unha parte da inversión do Concello na parroquia, que para as outras inversións están os presupostos municipais, dos que 166.000,00 van destinados a estes orzamentos participativos.

O representante no Consello Vicente Lamas Guisande, manifesta que a obra da escola lle parece ben, pero hai que deixar ben claro o seu uso polos veciños, para que logo non haxa problemas, sinalando a Presidenta do Consello, que a titularidade é municipal, e o seu uso vai ser para quen diga o Concello, que será para todos os veciños da parroquia.

O Consello tamén pregunta cal é presuposto total de dito arranxo, respostando a Presidenta do Consello que os técnicos municipais terían que facer un proxecto, que de momento non o sabe.

O representante das Asociacións Deportivas, Cabaleiro Riveiro, lle parece que a inversión de dito arranxo nos participativos, lle parece absurdo, que o mellor serían falar entre todos que cousas se poden facer para a parroquia con eses cartos, cousas positivas.



CONCELLO DE REDONDELA

Indica Ana María Alonso que o do arranxo da antiga escola é unha opción que trae o grupo de goberno municipal, ratificando dito arranxo a representante da Asociación de Veciños Isabel Alonso Lemos, por tratarse, indica ela, dunha obra necesaria, facer uns aseos, etc.

O representante do Consello, Comesaña López, dí que hai que facer unha pequena actuación na “finca do Alemán”, facer un muro e explanar, e que se fala dunha inversión de 2.500,00 ou 3.000,00 euros.

A Presidenta do Consello manifesta que todas as actuacións dos participativos teñen que facerse en obras de titularidade municipal, e que esta é de titularidade da autoridade portuaria, sinalando a concelleira María José Barciela, o que si se pode facer é unha xestión coa Autoridade Portuaria. Remata Comesaña López, que eses cartos custarían gracias a que os veciños traballarian.

Intervén o concelleiro do grupo municipal do B.N.G., Xoan Carlos González Campo, para preguntar á Presidencia que presuposto se manexa para a subvención de Rede Natura, respostando esta que o proxecto xa está redactado para presentar a solicitude. Remata a súa intervención dito concelleiro que eles en principio non están de acordo da forma dos orzamentos participativos, pero en caso de facelos, consideran que á vista de que hai poucas propostas por parte do Consello, consideran de relevancia aumentar a inversión en saneamento.

O representante no Consello, Vicente Lamas Guisande manifesta que a Asociación trae unha serie de propostas, a saber:

- 1).- Anclaxe de contenedor na saída do “Buscal”.
- 2).- Panel informativo no centro do Cruceiro, para anunciar.
- 3).- Marcar aparcamentos no estrada de subida.

Remata preguntando como se atopa o do semáforo no cruce de A Portela, que había presentado escrito de solicitude con firmas. Respostándolle a Presidencia que solicitouse a Fomento o 3 de abril, e aínda non tiveron resposta.

O representante no Consello, Covelo Villaverde, pregunta como está o proxecto de Mercadona, se houbo algún cambio, e manifesta que o saneamento para catro casas que xa se había falado no anterior Consello, é unha obra importante para incluír nos “Participativos”, respostando a Presidencia que é unha obra importante tamén para incluír, manifestando a concelleira María José Barciela indicando que ese problema de saneamento xa foi a miralo o concelleiro de Medio Ambiente e mailo de Vías e Obras.

O representante no Consello Eduardo Corugeira Vieitez pregunta por un saneamento na Portela, respostándolle a concelleira María José Barciela que o do Colexio Vigo para alá está en marcha.



CONCELLO DE REDONDELA

O representante das asociacións deportivas no Consello, Cabaleiro Rivero, sinala que o Consello ten que propoñer agora en que quere invertir trece mil cincocentos euros dos “Orzamentos Participativos”, pero quen decide as obras que se van a facer na parroquia é o Concello, cando deberían ser os veciños as obras prioritarias na parroquia, débense escoitar as prioridades dos veciños.

O Consello pregunta que pasa co colector do Colexio Vigo a Ponce de León, que pasa con ese saneamento.

O Consello solicitou que se soliciten presupostos para:

Recuperación da antiga escola ao lado da Igrexa.
Saneamento para catro casas no alto
Actuación adecentamento finca “Do Alemán”.

O Consello pregunta á concelleira Alonso Barciela se estiveron limpando o río, e que necesita limpeza a “Fonte de Rusos”, respostándolle que na fonte non se pode meter máquina a presión.

O representante do Consello Vicente Lamas pregunta se no caso de acordarse o adecentamento da antiga escolar, vai a ser sede da asociación de veciños de Cedeira, respostándolle a Presidencia que a titularidade de dito inmovible é municipal, e será un espacio público para todos os colectivos.

O representante no Consello, Corugeira Vieitez, pregunta se se pode realizar unha actuación nunha obra que se atope entre dúas parroquias, coma no caso do Río Maior, propoñendo este representante a limpeza deste río.

A Presidencia matiza as obras que se propoñen para os participativos, e das que hai que solicitar orzamentos:

Reparación de tellado e limpar pedra na antiga escola ao lado da Igrexa.
As pequenas actuacións propostas polo membro do Consello Vicente Lamas.
Limpeza río Maior.
Alcantarillado catro casas (no alto, que queda pendente a rede de saneamento).

A concelleira María José Alonso, pregunta que se se instala ese sumidoiro, logo esas catro casas van a conectarse.

O concelleiro do grupo político A.E.R., manifesta que se lle pode obrigar a facelo.

O representante no Consello, Couñago Mosquera, pregunta se coa obra do alcantarillado para esas catro casas se da dunha vez por todas por zanzado o tema do alcantarillado na parroquia. Respostándolle que non.



CONCELLO DE REDONDELA

O representante no Consello Antonio Covelo, manifesta que a falta de sumidoiro nesa zona, supón que os pozos contaminan a mina de auga, o que supón a carencia amáis nesa zona, da falta de sumidoiro, da carencia de auga da traída veciñal nesa zona, por contaminación da mina.

O representante do Consello manifesta que faltan outros saneamentos como o de Fortóns.

A Presidencia manifesta que no vindeiro Consello se traerán os orzamentos das obras propostas: Acondicionamento da antiga escola; sumidoiro para as catro casas; actuacións pequenas enumeradas por Vicente Lamas.

A concelleira Alonso Alonso, manifesta que tan pronto estean os orzamentos, se convocará o Consello Parroquial.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O concelleiro do grupo municipal do B.N.G., GONZÁLEZ CAMPO, manifesta a obra de asfaltado da estrada, é un atentado contra a base do cruceiro alí existente, e se non se adoptan medidas, os coches ao arrimarse, acabarán tirándoaa. Solicita que se realice unha pequena actuación, para evitar que os coches se arrimen a el, xa que, o tema afecta ao patrimonio municipal, e remata solicitando que se protexa.

O devandito concelleiro, XOAN CARLOS GONZÁLEZ, manifesta que a obra de asfaltado en Fortóns non se fixo, respostándolle a concelleira Alonso Barciela, que a vai facer a Deputación Provincial, están para adxudicar as obras, pero aínda non saíron.

O Consello pregunta se se van a asfaltar os ramais tamén, como o “Eido da Dereitiña”, por debaixo do túnel na de “Manolito”, xa que hai que ter en conta que antes hai que miralo ben, porque alí nace moita auga.

Continua preguntando o concelleiro González Campo: “... tema importante a EN-555 reclamacións, momento no que se vai facer e si Fomento vai a invertir nesta estrada.

Respóstalle a Presidencia que Fomento se comprometeu co tema.

Así mesmo e como terceira cuestión, pregunta se hai algunha solicitude á Autoridade Portuaria para instalar un pantalán na Formiga.

Indica o membro do Consello, COMESAÑA LÓPEZ, que se trata dun embarque particular, e que fai anos a Autoridade Portuaria lle concedera unha lámina de auga, onde amarra unha embarcación pequena.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro do grupo municipal do B.N.G., González Campo, manifesta que si a autorización lla deron para escola de vela, e agora o seu uso é particular, trataríase dun fraude.

De seguido o Consello prantexa outra cuestión, o problema do tráfico pesado, que sofren os veciños de A Portela, cara aquí, onde se vai facer a rotonda, na baixada na estación. Suben os camións para a estrada xeral. Rematan sinalando se se vai a realizar algunha actuación municipal, como instalación de sinais de prohibido tráfico pesado, etc.

O concelleiro, representante do Grupo Municipal de A.E.R., ALFONSO BLANCO, pregunta como está o tema do sendeiro do Río Maceiras, queren mirar o proxecto, e comenta se non hai nada de momento. Pregunta como vai a ser o das pontes de madeira para atravesar o rio, nos lugares onde existan edificacións ilegais, ou empresas, e que vai a facer o goberno municipal ao respecto, se vai tiralas, ou que pensa facer, respostándolle a Presidencia que se estudiará cada caso puntualmente.

Remata o concelleiro BLANCO PÉREZ, se se vai a tomar algunha medida contra a máis flagrantes. Unha actuación concreta ten que ter unha solución.

Resposta a Presidencia que se irá facendo.

A concelleira, ALONSO BARCIELA, manifesta que Redondela, con todos os rios que ten, ningún posúe un mal paseo de xabre, e agora que se vai a realizar unha actuación nun, hai que colaborar para que saia adiante e non poñer atrancos.

Cambiando de asunto, o Concelleiro do Grupo Municipal de A.E.R., BLANCO PÉREZ, pregunta que pasa cos recibos do lixo, que nalgúns casos se cambiou a dirección, e o importe (algúns contribuintes pasaron a pagar máis), antes a algúns cidadáns non se lle pasaba e agora si, pregunta como está o tema.

Respóstalle a Presidencia que non se subiu nada a taxa municipal por dito servizo, o que si se fixo foi, que se está actualizando o Padrón Municipal. Se está revisando xunto coa empresa concesionaria URBASER, todas as vivendas de Redondela, as que non pagaban pasan a pagar e as que pagaban por servizo alternativo, se se comprobou que que o servizo era diario, varía o tipo de taxa se é dun xeito ou de outro, pero recalca que o prezo do servizo, non sufriu incremento. Continúa a Sra. Ana Alonso Alonso manifestando que o importante é detectar os usuarios que non pagaban e dalos de alta. Remata sinalando que estas modificacións non van a sufrir efectos retroactivos.

O representante da AA.VV. Carlos Covelo Solla manifesta que na ponte do Cmiño de A Portela as barandillas estan a caer e que enriba do túnel aparcan os coches e por mor diso o outro día chegou un trailer que non puido maniobrar, habería que buscarlle unha solución. Hai que presionar a RENFE para que arranxe o lugar porque a carretera está a cair.



CONCELLO DE REDONDELA

Así mesmo e con respecto ao tema da recollida do lixo sinala que en Canabal non pasa o servizo diariamente e a algúns veciños lle cobran a taxa como se así fose. Hai que comprobar os planos con Urbaser e Medio Ambiente e facer as rectificacións oportunas.

E non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vintedúas horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que exténdese a presente acta, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

ANA MARIA ALONSO ALONSO

JUAN MANUEL GARCIA RODRIGUEZ